

## **COMISIÓN INFORMATIVA DE COOPERACIÓN, INFRAESTRUTURAS E MEDIO RURAL**

**ACTA** da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **13 de decembro de 2023**  
Ás 17.35 horas do día 13 de decembro de 2023, réunese a Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural, en sesión ordinaria, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

**Presidenta:** D.<sup>a</sup> Marta Nóvoa Iglesias

### **Deputados/as do Grupo Popular:**

D. José María Lago Cabo  
D.<sup>a</sup> Patricia Torres Madureira  
D. Xosé Miguel Pérez Blecua  
D. Manuel Seoane Rodríguez  
D. Rosendo Luís Fernández Fernández

### **Deputados/as do Grupo Socialista:**

D. Álvaro Vila Araújo  
D.<sup>a</sup> Susana Rodríguez Estévez  
D. Aurenitno Alonso Araújo  
D.<sup>a</sup> Marina Vaz Quintillán

### **Deputados/as do BNG:**

D.<sup>a</sup> María José Mangana Guede  
D. Bernardo Varela López

### **Deputados de Democracia Ourensana:**

D. Armando Ojea Bouzo  
D. Gonzalo Pérez Jácome

**Secretario:** D. Juan Marquina Fuentes Fuentes

**Interventora:** D.<sup>a</sup> Begoña Álvarez Matos

Non asiste o presidente e deputado do Grupo Popular don Luis Menor Pérez, que é substituído por don Rosendo Luís Fernández Fernández, asumindo a presidencia da comisión dona Marta Nóvoa Iglesias.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

### **1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á DO DÍA 15 DE NOVIEMBRE DE 2023.-**

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 15 de novembro de 2023.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural do día 15 de novembro de 2023, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

### **2º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA GARANTIR O MANTEMENTO E REFORZO DO SERVIZO PÚBLICO DE RECOLLIDA DO LIXO PRESTADO POLA DEPUTACIÓN DE OURENSE NOS MUNICIPIOS DA PROVINCIA.**

**D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista**, expón o contido da moción.

**D. M.<sup>a</sup> José Mangana Guede, do BNG**, indica que o seu grupo está estudando a moción e manifesta que reservan o voto para o Pleno.

**D.<sup>a</sup> Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular**, indica que igualmente están estudando o contido da moción, conseguindo información da Área de Medio Ambiente, se ben engade que lle chama a atención o interese que mostra o Grupo Socialista pola xestión directa desta servizo e non fai o mesmo nos concellos nos que gobernan.

**D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista**, engade que se trata dun servizo concreto e dunha dimensión moi considerable, polo que esta moción non é extrapolable aso servizos municipais. Estamos ante un servizo do que o Grupo Socialista leva anos insistindo en que funciona razoablemente ben e lembra que en decembro de 2021 o Pleno da Deputación, co voto favorable do Grupo Popular, aprobou un cambio no modelo de xestión do dito servizo.

A **Sra. presidenta accidental** intervén para matizar que externalizar un servizo non é privatizalo e que en todo caso comparte moitas das afirmacións que constan na moción, polo que insta aos portavoces a intentar chegar a un acordo sobre as propostas desta moción.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Socialista (4) e a abstención do Grupo Popular (6), do BNG (2) e de DO (2), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1. Instar ao goberno do Partido Popular a un compromiso categórico para desbotar calquera iniciativa dirixida á privatización do servizo de recollida e tratamento de residuos que a Deputación de Ourense presta en réxime de competencia delegada, apuntalando o seu carácter público e non mercantil, sen ánimo de lucro, transparente, sustentable e que faga plenamente efectivo o dereito a unhas prestacións suficientes, estables, eficaces e eficientes.
2. Instar ao goberno do Partido Popular a paralizar calquera decisión que implique retrocesos no servizo de recollida e tratamento de residuos, a súa privatización ou externalización, que puideran implicar un deterioro nas prestacións ofrecidas e un encarecemento do custo para a veciñanza.
3. Instar ao goberno do Partido Popular a avanzar cara o reforzamento do servizo de recollida e transferencia de residuos que a Deputación de Ourense presta en réxime de competencia delegada con vistas a ampliar as prestacións ofrecidas á veciñanza, independentemente do seu concello de residencia, e tamén para garantir unhas mellores condicións laborais aos traballadores afectados a este servizo.

### **3º.- MOCIÓN DO BNG A PROL DOS POLÍGONOS EMPRESARIAIS.**

**D. Bernardo Varela López, do BNG**, expón o contido da moción.

**D.<sup>a</sup> Susana Rodríguez Estévez, do Grupo Socialista**, indica que están estudando a moción, polo que reservan o voto para o Pleno.

A **Sra. presidenta accidental**, comeza indicando que se alegra de que o BNG mostre preocupación polos polígonos industriais da provincia. Engade que a maior parte das demandas da moción son compartidas por todos os grupos provinciais, destacando que nas que son competencia da Xunta ou dos concellos se está avanzando, como a oferta de espazos dispoñibles ou as políticas de conciliación para os traballadores. Non se pode dicir o mesmo con aquelas materias que son competencia do Estado como a estación de mercancías, os accesos desde a autovía ou a nova depuradora, xa que o Estado leva varios anos sen dar ningún paso. Por último sinala que non está moi de acordo coa proposta de crear unha mesa de traballo, xa que entende que tanto a Xunta de Galicia como o concello implicado xa están traballando no ámbito das súas respectivas competencias. Engade que o seu grupo vai reservar o voto para a sesión plenaria.

**D. Bernardo Varela López, do BNG**, indica que é importante crear unha mesa de traballo onde, ademais de todas as administracións públicas, estean sentados na mesma mesa representantes das empresas e das organizacións sindicais que representan a máis de oito mil traballadores que acoden todos os días ao polígono. Engade que a maior parte dos traballadores son da cidade de Ourense e doutros concellos limítrofes, polo que parece que esta mesa de traballo si ten sentido, para garantir que se teñan en conta as opinións dos representantes dos traballadores nas decisións que lles afecten.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do BNG (2) e a abstención do Grupo Popular (6), do Grupo Socialista (4) e de DO (2), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1.- O Pleno da Deputación Provincial de Ourense asume e apoia as seguintes demandas: a) Necesidade dunha nova depuradora de augas residuais. A actual foi deseñada en 1997 para un escenario que en nada se parece ao actual. A problemática fundamental ven dada polos vertidos recorrentes ao río Barbaña e que teñen suposto importantes sancións aos concellos nos que se localizan estes parques empresariais. Polo tanto faise precisa a dotación do orzamento necesario para a execución do proxecto (inicialmente de 30 M €) e que cumprirá reevaluar.

b) Ampliación de oferta de espazo empresarial no de San Cibrao (aprox. 400.000 m<sup>2</sup>) e Pereiro de Aguiar (aprox. 200.000 m<sup>2</sup>), e novo espazo (aprox. 1,1 m<sup>2</sup>) no concello de Paderne de Allariz.

c) Conexión viaria entre parques, que conecte a cidade transporte, a zona leste e sur. É dicir, remate da conexión da VG-3.1 coa OU101.

d) Estación ferroviaria de mercadorías. Considerado un proxecto estratéxico que non só suporía unha importante mellora para as empresas existentes e futuras, senón tamén un importante aforro enerxético e económico, diminución de tráfico pesado e polo tanto de accidentes, e por suposto, menores custos de mantemento da rede viaria.

e) Elaboración e desenvolvemento dun proxecto de remodelación, mantemento e acondicionamento básico de viarios e canalizacións. Existe xa unha memoria que cuantifica en 14 M€ as mínimas e necesarias reformas.

f) Posta en marcha dun plan de transporte metropolitano (que inclúa liña de “metro en superficie” entre as estacións de Empalme e San Francisco co polígono San Cibrao) que conecte a cidade e concellos limítrofes cos polígonos empresariais co duplo obxectivo de

darlles servizo, fundamentalmente, ás persoas que alí traballan e ao mesmo tempo contribuír á diminución do tráfico de vehículos privados, coa correspondente mellora medioambiental.

g) Completar servizos que permitan unha mellora en medidas de conciliación laboral.

2.- Remitirlles ás distintas administracións estas mesmas demandas co obxectivo de que sexan asumidas na medida que corresponda ás súas competencias.

3.- Creación dunha mesa de traballo entre as distintas administracións e actores implicados (empresariado e organizacións sindicais) co obxectivo de facer un seguimento da posta en marcha das actuacións propostas.

#### **4º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR PARA REPARTO IGUALITARIO E EQUITATIVO DE FONDOS AOS CONCELLOS PERTENCENTES ÁS CONFEDERACIÓNS HIDROGRÁFICAS MIÑO, SIL E DOURO.**

**D.<sup>a</sup> Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular,** expón o contido da moción.

**D. Bernardo Varela López, do BNG,** indica que, en principio, están de acordo cos aspectos da moción. Sinala que a Confederación Hidrográfica non pode facer un reparto igualitario, pero si un reparto máis equitativo dos investimentos que fai na provincia. Sinala que é traballo dun organismo do Estado que non ten en conta a idiosincrasia da nosa Comunidade Autónoma e, á marxe diso, non estará de máis nomear na moción ao organismo Augas de Galicia, dependente da Xunta, da que tampouco se coñecen os criterios á hora de realizar as súas obras e infraestruturas nos concellos da provincia.

**D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista,** sinala igualmente que debería incluírse na moción a Augas de Galicia, xa que as demandas que se fan na moción son perfectamente aplicables a este organismo. Engade que a gran culpable do estado actual dos ríos da nosa provincia non é a Confederación Hidrográfica senón que é o abandono do medio rural, o que fai que os ríos acumulen gran cantidade de ramas, troncos ou outros elementos. Di que a todos nos gustaría que se axilizase a burocracia e a tramitación de expedientes neste organismo, pero debemos ter en conta que a maioría da normativa aplicable é o resultado da transposición de directivas da Unión Europea.

**D.<sup>a</sup> Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular,** insiste en que é necesario cambiar o sistema que ten este organismo para realizar os seus investimentos en infraestruturas, xa que se trata dun organismo sectorial no que se refire a investimentos na provincia, xa que todos os convenios asinados nos últimos anos son con concellos gobernados polo Partido Socialista. Respecto á solicitude de inclusión de Augas de Galicia indica que estamos ante un organismo

distinto e dependente doutra administración pública distinta, polo que debería ser obxecto dunha moción independente. Sinala que ademais se trata dun organismo cunha tramitación sumamente complicada, tanto para os particulares como para concellos, o que leva a que en moitas ocasións os concellos decidan non acometer investimentos cando se necesita a autorización deste organismo.

Intervén don **Rosendo Luís Fernández Fernández, do Grupo Popular**, para lembrar que a instancia do Grupo Socialista no pasado mandato se creou un grupo de traballo para intentar atopar unha solución ante o derrubamento dunha ponte no Concello do Bolo. Lembra que a Deputación, o Concello e a Xunta de Galicia se amosaron favorables a cofinanciar a dita obra e que a propia Confederación Hidrográfica non asistiu á dita reunión, o que dá mostra do sectarismo e deixamento deste organismo.

**D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista**, lembra que foi o propio alcalde do Bolo, do Partido Popular, o que acudiu ao Grupo provincial Socialista e que este tratou de facer todo o posible por solucionar o problema, lembrando que votaron a favor e participaron no dito acordo.

**D. Armando Ojea Bouzo, de DO**, por como exemplo as obras que tivo que acometer o Concello despois do incendio da Chavasqueira, na que a Confederación Hidrográfica retrasou de forma incomprensible as autorizacións.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (6) e a abstención do Grupo Socialista (4), do BNG (2) e de DO (2), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Instar á Confederación Hidrográfica Miño Sil e á Confederación Hidrográfica do Douro a un reparto igualitario e equitativo de fondos a todos os concellos pertencentes a cada conca.

2º.- Instar á Confederación Hidrográfica Miño Sil e á Confederación Hidrográfica do Douro a unha revisión e nos casos que sexa posible, a unha simplificación de burocracia para dar maior axilidade coas autorizacións sectoriais dependentes deles.

3º.- Instar á Confederación Hidrográfica Miño Sil e á Confederación Hidrográfica do Douro a axilizar os traballos de limpeza dos leitos e marxes dos ríos, dado o seu estado de abandono polo seu escaso mantemento.

4º.- Instar á Confederación Hidrográfica Miño Sil e á Confederación Hidrográfica do Douro a axilización do procedemento correspondente en canto aos plans básicos municipais que están

en tramitación actualmente, facendo posible contar con estes instrumentos urbanísticos fundamentais para os concellos que están a sufrir grandes retrasos derivados da lentitude coa que as confederacións hidrográficas realizan os ditos procedementos.

**6º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.-**

**7º.- ROGOS E PREGUNTAS.-** Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Armando Ojea Bouzo, de DO,** pregunta precisamente cal é o estado actual da ponte no Concello do Bolo, que se derrubara por unha riada, e pregunta se a Confederación Hidrográfica achegou financiamento para as obras.

A Sra. presidenta accidental sinala que conseguirá a información e contestará por escrito, pero que entende que as ditas obras non se chegaron a executar porque a Confederación Hidrográfica non estaba disposta a achegar nin un céntimo.

E, ás 18.25 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.